ASEPEYO

Apreciado/a mutualista:

As accións de asistencia sanitaria que realiza a mutua están vencelladas á existencia dun accidente de traballo ou unha enfermidade profesional. Por tanto, e dado o carácter laboral do incidente, é preciso que sexa a empresa, a través do volante de asistencia que facilita ó traballador, a solicitante do servizo. O requirimento do citado volante, debidamente cuberto con sinatura e selo da empresa, contribuirá notablemente a mellorar o control das asistencia, tanto por parte da empresa coma por parte da mutua. Nos casos en que o traballador non realice a presentación do volante, realizaranse os contactos oportunos coa empresa para a súa obtención, condicionando a asistencia ós factores de urxencia en cada caso.

O procedemento a seguir está detallado no manual de accidente de traballo que pode atopar na web corporativa. Trala presentación deste volante, a empresa debe cumprimentar, ademais, o parte de accidente o incluír o caso na relación de casos sen baixa, a non ser que os servizos médicos da mutua determinen que se trata de patoloxía non laboral. Se se trata dunha enfermidade profesional, cumprimentarase o parte pola Mutua, coa colaboración da empresa, de conformidade coa normativa vixente.

A non presentación do parte de accidente o da relación de non baixa por parte da empresa, poderá comportar a facturación de tódolos gastos de asistencia sanitaria realizada con medios propios e alleos por parte da Mutua á empresa que requiriu a asistencia desta ó emitir o volante de asistencia, fax ou e-mail, sempre e cando non se considerase na anamnese que a continxencia determinante é continxencia común.

Recordámoslle que pode acceder ó volante de asistencia, así como consultar o listado de centros e profesionais sanitarios ós que acudir en caso de precisar asistencia sanitaria por accidente de traballo ou enfermidade profesional, na páxina web de Asepeyo **www.asepeyo.es**.

Para calquera información complementaria que desexe sobre este tema, pode chamar ó teléfono para pacientes e persoas usuarias, ó 910 504 390, ou dirixirse ó seu centro asistencial de referencia.

Reciba un cordial saúdo,

Asepeyo

Asepeyo, Mutua Colaboradora coa Seguridade Social n.º 151